

PÉREZ PRIETO, Victorino & MEZA RUEDA, José Luis: *Diccionario Panikkariano*, Herder, Barcelona, 2016, 400p.

Victorino Pérez Prieto e José Luis Meza Rueda, ambos os dous recoñecidos especialistas no pensamento de Raimon Panikkar, ofrecen nesta obra un dicionario e, ademais, unha introdución a Panikkar. Non estamos a referirnos ao capítulo inicial, “Introducción”, en que é brevemente presentado o autor estudado e o dicionario realizado, senón a que este mesmo, o propio *Diccionario Panikkariano*, polas súas características, serve como unha introdución ao pensamento filosófico, teolóxico e relixioso de Panikkar.

Á vista dos dicionarios habituais no mundo da filosofía, ocórrenos tres modelos para un dicionario sobre un pensador: un dicionario lexicográfico, que esclarece, tratando cada verbete en poucas palabras, a terminoloxía propia do autor estudado; un dicionario conceptual, que vai alén do sentido das palabras e tenciona dilucidar, outorgando a cada voz unhas cantas liñas, o funcionamento dos conceptos forxados ou empregados polo tal autor; un dicionario temático, que, contemplando cada entrada nunhas páxinas, aborda cuestións fundamentais desenvolvidas polo autor estudado. Nesta terceira modalidade, mais incluíndo implicitamente o tratamento conceptual e explicitamente o esclarecemento terminolóxico, encaixaría, na nosa opinión, o *Diccionario Panikkariano* elaborado por Pérez Prieto e Meza Rueda.

Como pórtico da obra, a “Introducción” (pp. 11-28), asinada por Pérez Prieto, contén, primeiro, unha presentación panorámica e sinóptica de Raimon Panikkar, calificado como mestre para o noso tempo e ponte entre Oriente e Occidente, expondo sucintamente o seu itinerario vital e intelectual e reflexionando brevemente sobre a súa “cuádrupla identidade” (cristián,

---

Recibido: 18/11/2017. Aceptado: 19/11/2017.

budista, hinduísta e pensador secular). E seguen, despois, coa caracterización do *Diccionario*, unhas instrucións para o seu manexo e unha sinxela noticia dos autores, Perez Prieto e Meza Rueda.

O groso da obra é constituído polo “Diccionario Panikkariano” (pp. 31-304), que consta de case 60 entradas, constituídas por temas relevantes, cuxo conxunto permite facerse unha idea do pensamento relixioso, teolóxico e filosófico desenvolvido por Panikkar. O tratamento dos temas é de matriz conceptual, sexa de termos acuñados polo autor (ontonomía, perspectiva cosmoteándrica, hermenéutica diatópica, equivalentes homeomórficos, tempiternidad, etc.) sexa de termos incorporados polo autor (experiencia, fe, eucaristía, mythos-logos, filosofía, etc.). A extensión, e profundidade, con que son abordados depende da función e centralidade que o termo posúe no pensamento do autor. O acervo inclúe incorporacións e derivacións a partir tanto de Oriente, nomeadamente das tradicións budista e hinduísta (advaita, principio rta, os tres camiños da espiritualidade, etc.) como de Occidente, procedentes tanto da filosofía como da relixión, nomeadamente, o cristianismo (perichoresis, mysterium coniunctionis, o terceiro ollo, etc. ).

Complementa o diccionario, un “Glosario” (pp. 305-309), que contén uns case 60 termos, procedentes das veas teolóxicas (cristiá, budista, hinduísta) e filosóficas que nutren a obra de Panikkar. Por exemplo, salientado as raíces gregas, latinas, sánscritas, etc.: aisthesis, alius, aliud, atman, bodhisattva, capax dei, etc.

Este glosario, como o último capítulo, “bibliografía” (pp. 311-400), que recolle a obra enteira de Panikkar, son ferramentas de grande utilidade para quen le á consciencia e está a indagar ou a seguir o trillo vital e intelectual de Raimon Panikkar.

Mais, como dixemos, esta función instrumental, con ser importante (e preciosa para investigadoras e investigadores), non é o único servizo que reporta este *Diccionario Panikkariano*, que fornece, ademais, unha achega, un ollar, tamén unha imaxe e unha idea, en suma unha introdución, a todas aquelas persoas interesadas na experiencia e pensamento, de raíces e horizontes múltiples, legados por Raimon Panikkar.

Luís G. Soto